

A autora aposta por unha concepción integradora e complementaria nas relacións entre sexos. "Fíos" é un libro notable, con moitas virtudes e poucos defectos, aceptables nunha primeira entrega como esta.

El Ideal Gallego  
15/02/09

# "Fíos" de Diana Varela

Algúns poemas son verdadeiramente memorables

XULIO VALCÁRCEL

"Fíos", de Diana Varela Puñal (Espiral Maior, 2008), acadou o Premio Uxío Novoneyra convocado polo Concello de As Pontes. Mágoa que as idas e voltas da política, cun troco no poder local, cuestione e poña en dúbida a continuación e viabilidade dun certame que nas catro convocatorias habidas compaxinou o recoñecemento de figuras contrastadas (Vázquez Pintor) co descubrimento doutras, tal é o caso de Diana Varela Puñal, cunha achega destinada a permanecer con dignidade dentro das nosas letras, como suxire Luz Pozo Garza no fermoso poema-prólogo, "Na ferida que quedou aberta", que abre o poemario. "Pola verba de amor transita Diana", di con acerto, pois se algunha palabra resume a riqueza, varia e fonda, dos versos, é esa: amor. Sinxelo na expresión, intencionado na aparente modestia do propio título, "Fíos" é un libro notable, con moitas virtudes e poucos defectos, aceptables nunha primeira entrega como esta. Porque non abarca máis

do que é xusto e corresponde, porque parte dunha verdade íntima enraizada nun caudal herda-

do de reciedume e afouteza pertencente a unha estirpe de mulleres que as fai, a un tempo, doces e fortes, delicadas e rexas, espíritos forxados na xenerosidade e no sacrificio.

Introduce así Diana neste poemario, dividido en dúas partes, non poucas concepcións chocantes, a contra-corrente de modas e mitos, aceptados por convencemento ou por modernidade, que a autora cuestiona desde a súa condición de muller libre, segura do que quere e do que fai, e non disposta a sometementos externos. Se na primeira parte, "Fíos de sol", resul-

tan ideoloxicamente asumibles as súas propostas, recreando vivencias de infancia, da esfera familiar..., os xogos e a señardade dun mundo ido na vertixe galopante e desecadora dos anos; temas todos, ben é certo, tratados con suave voz e forte sentimento, na segunda parte, "Fíos de amor", atopamos un cuestionamento implícito a respecto do feminismo dominante.

Non é que Diana descoñeza a tradicional submisión da muller frente ao varón, nin que non acepte e faga súas moitas das xustas e necesarias reivindicacións dese movemento, o que Varela Puñal cuestiona ou denuncia, é a asunción por parte da muller de roles e valores que prescinden ou negan a dimensión do home como compañeiro en pé de igualdade.

O que resulta novidoso, diríamos revolucionario e desafiante –talvez sen preténdelo– é escribir: "Que nunca falte o home que refresque a mañá con loureiro de ramos..., que eu, muller, agradezo o home".

Desde logo, non o home patriarcal e machista –engadimos nós– senón o ser sexual diferen-

ciado, complementario e solidario, ao mesmo nivel de entrega e de axuda mutua.

Non hai, ao longo destes "Fíos", caídas nin recheos, todos os textos teñen o seu aquel, a súa xustificación, dentro dun tono medio elevado.

Deixando á parte algunhas deficiencias técnicas, Diana Varela Puñal ofrece nesta obra, tan concisa como intensa, algúns poemas verdadeiramente memorables:

"Agora sei que permanecemos na historia como os amantes de Monbòsc

e que o noso amor, igual có deles, está gravado no tempo coa tinta indeleble que os dous creamos.

Ninguén será capaz de atopar un só poro indefenso entre nós: non hai dúbida, nin rancor, nin reproche, rendidos xa a descubrimos,

que o amor está por riba da fragilidade da mente e do corpo

se humildes aceptamos a súa inocencia, a súa maxestade.




Ilustración de Xavier Garo